

Plan
Estratéxico
2010-2014



INDICE

Xunta Directiva	pax. 3
Organigrama de accións	pax. 5
Introducción ¿Por qué realizar un P.E.?	pax. 9
Misión, visión e valores	pax. 11
Análise da situación	pax. 13
· Estructura organizativa	
· Grupos de traballo	
Diagnóstico da sociedade liñas de acción do Plan Extratéxico	pax. 17
· Fortalezas	
· Debilidades	
· Ameazas	
· Oportunidades	
Liñas de actuación do Plan Estratéxico	pax. 21
· A Estratexias de mellora no ámbito profesional	
· B Estratexias de mellora na xeración de xestión do coñecemento	
· C Estratexias para mellorar o funcionamento da organización	
· D Estratexias de mellora no ámbito de atención e participación no socio	
· E Estratexias de mellora no ámbito social e comunitario	
Plan Operativo. Seguimento	pax. 33

XUNTA DIRECTIVA

Presidente:

D. Jaime González Rey

Vicepresidentes:

D. Gabriel J Díaz Grávalos e D. Jesús Sueiro Justel

Secretaria:

D.^a M.^a Victoria Martín Miguel

Tesoureiro e enlace semFYC:

D. Andrés Manual Martínez González

Vogal de Docencia e Formación:

D. Fernando Souto Mata

Vogal de Grupos de Traballo:

D. Francisco Javier Maestro Saavedra

Vogal de Investigación:

D.^a M.^a Victoria Martín Miguel

Vogal de Medicina Rural:

D.^a Portal González Lorenzo

Vogal de Médicos Xoves:

D. Anxo Piñeiro López

Vogal PAPPS e PACAP:

D. Diego Terceiro López

Vogal de Prensa e Relacións Institucionais:

D. Jesús Sueiro Justel


Vogais de Residentes:

D.^a Vanessa García-Cidade Young e D.^a Fátima Barcala del Caño

Vogal web:

D. Gerardo Palmeiro Fernández

ORGANIGAMA DE ACCIÓNS



A perda do rumbo debido á gran heteroxeneidade da nosa asociación fai, ás veces, complicado establecer cales son as prioridades e o rumbo que debe seguir. Todos vivimos o cambio xeracional e a modificación de expectativas, en Xeral, e cara á Agamfec, en particular.

Como Presidente da Agamfec é para min unha gran satisfacción e unha obrigaón presentar o noso Plan Estratégico, un plan que foi froito do esforzo colectivo e do consenso da Xunta Directiva da Agamfec, seguindo as liñas estratéxicas establecidas pola nosa sociedade a nivel nacional, a semFYC.

O Plan Estratégico é o plan de todos, un plan que establece as accións necesarias para conseguir a Agamfec que todos queremos, e que nace coa intención de satisfacer e responder ás expectativas de todos os nosos socios e doutros grupos de interese e afrontar os novos retos e realidades coas que nos atopamos na actualidade.

A intención deste Plan Estratégico radica en marcar unha liña coñecida por todos, sobre cal é a dirección cara á cal vai a súa asociación, a Agamfec; respondendo de xeito integral e completa ás expectativas dos socios e doutros grupos de interese.

O concepto da Dirección e Planificación estratéxica debe basearse nunha análise crítica da nosa asociación, partindo dunha análise inicial da situación en procura dese ideal futuro que queremos ser, a través do camiño que nós mesmos marquemos. Se queremos mellorar, o primeiro que habemos de coñecer é desde onde partimos, como somos, que estamos facendo, que é o que facemos ben e que é o que podemos mellorar.

A Agamfec quere ser a Institución de referencia de Atención primaria a nivel galego, unha organización aberta aos pacientes e á sociedade en xeral, aberta a todos os profesionais, e que impulse a docencia e investigación.

Quere ser unha Sociedade Científica caracterizada pola súa eficiencia, a súa excelencia, o seu alto grao de integración na comunidade que lle rodea e ser percibida como un axente que contribúe en último termo á curación e prevención das enfermidades.

O noso plan define a misión, visión e valores da Agamfec e conta con cinco eixos estratéxicos sobre os que basea o desenvolvemento da súa estratexia:

1. Estratexias de Mellora no Ámbito Profesional.
2. Estratexias de Mellora na Xeración e Xestión do Coñecemento.
3. Estratexias para Mellorar o Funcionamiento da Organización.
4. Estratexias de Mellora no Ámbito de Atención e Participación do Socio.
5. Estratexias de mellora no Ámbito Social e Comunitario.


Tomando como punto de partida estas cinco grandes liñas estratéxicas establécense un total de 12 liñas estratéxicas de gran importancia e transcendencia, subdivididas á súa vez en 45 puntos estratéxicos, os cales suporán un avance cualitativo da Agamfec.

Todo isto non será posible sen a achega de cada un dos socios, uns con maior ou menor impacto, pero todos igual de importantes.

Estamos ante unha situación de cambio permanente e nós mesmos, os socios, debemos ser os que deseñemos e decidamos como queremos que sexa o presente e futuro da nosa asociación, non esperando a que sexan outros os que decidan por nós o camiño a seguir.

A estratexia é a única forma en que a Agamfec pode conseguir o seu liderado e a súa vantaxe competitiva, de ser mellor que os seus rivais, ao satisfacer as necesidades crave dos seus clientes: socios e outros grupos de interese.

Se xa é difícil ser bo ou moi bo, aínda máis difícil é ser mellor. Ese é o reto deste Plan Estratéxico 2010-2014 que, esperemos, responda contundentemente a todas as nosas expectativas.



Asdo. Jaime González Rey
Presidente Agamfec

1. INTRODUCCIÓN

¿Por qué realizar un plan estratéxico?.

Cando na Xunta directiva preocupámonos porque un socio presentou unha queixa, que non recibiu a revista Cadernos, que non se lle estendeu o certificado dun curso,... aínda que todos estes problemas sexan importantes, por moito que todos eles deban solucionarse o máis rapidamente posible para que a Agamfec poida funcionar con normalidade, estes problemas non pertencen ao ámbito da xestión estratéxica. Todos estes son problemas operativos, o cal non quere dicir que non sexan importantes. Son tan importantes, que se non se resolven adecuadamente, a asociación pode verse destinada á desaparición. E esta xestión operativa absorbe, a golpe de canón, a maioría das horas de traballo da Xunta directiva.

Pero esta xestión operativa responde a un enfoque a curto prazo. Trátase de “xestionar o día a día”.

En cambio, a xestión estratéxica ten un enfoque a longo prazo. Trata que a Agamfec siga sendo competitiva despois dun prolongado período de tempo, se adapte mellor ó entorno e os cambios que os seus competidores.

A razón dise porqué debe basearse na presenza/consecución de sete características craves:

1. Sostenibilidade: ter capacidade de duración, o que fai que a longo prazo teña maior impacto que outras iniciativas;
2. Mellora de resultados: o resultado é unha mellora significativa nos indicadores crave de rendemento;
3. Calidade: É un enfoque probadamente superior en comparación cos da competencia;
4. Dirección: Móvese á organización cara un final definido, aínda que non necesariamente de forma liñal;
5. Obxectivo: Está dirixido e representa unha opción para seguir un programa determinado respecto a outras alternativas atraíntes;
6. Conexións: o conxunto de estratexias empregadas teñen un alto nivel de independencia e de sinerxía;
7. Importancia: pode ser que non sexan indispensables para o éxito da organización, pero sin duda é importante e fundamental.

2. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

A. Misión

A Agamfec é unha sociedade médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo desenvolvemento adecuado da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. Ten como obxectivo reunir e representar á totalidade do colectivo médico de atención primaria, independentemente do seu posto de traballo, e servir como conduto de comunicación para asumir a corresponsabilidade na mellora e modernización da nosa sanidade a fin de contribuír á efectividade, eficiencia, viabilidade e equidad do Sistema sanitario galego, promovendo a excelencia mediante a oferta de servizos que respondan ás necesidades e expectativas dos médicos de familia.

B. Visión

Ser a Sociedade de todos os médicos de familia de Galicia, exercendo o liderazgo da Medicina Familiar e Comunitaria dentro das especialidades en Ciencias da Saúde e do conxunto dos profesionais sanitarios, con capacidade de influencia científica, social e política para transformar o noso sistema sanitario cara a un modelo centrado na saúde e o respecto á autonomía do paciente.

C. Valores

- A actividade da Agamfec fundaméntase nun traballo cooperativo e participativo, sendo a excelencia científica e o liderazgo os seus dous máximos expoñentes.
- O compromiso ca equidade e a solidariedade do Sistema Nacional de Saúde.
- O compromiso cas persoas como valor esencial da Medicina Familiar e Comunitaria, impulsando accións para conquistar unha maior humanización na atención sanitaria.
- Valores éticos e de independencia ante as institucións públicas e privadas que participan nos Sistemas galego e nacional de Saúde.
- O desenrolo dos principios de innovación e búsqueda da creatividade co avance progresivo no coñecemento e da Medicina Familiar e Comunitaria.
- O apoio de todas as accións da organización en consonancia cos principios de rigor e de metodoloxía científica.
- O compromiso ético por parte de todos e cada un dos membros que teñan responsabilidades científicas ou de representación na organización, debe impregnarse, además dos anteriores, dos valores de lealtade, transparencia, compatibilidade e renovación.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN

- A **AGAMFEC ou Asociación Galega de Medicina de Familia e Comunitaria**, é unha organización sen ánimo de lucro de natureza científica e profesional que estivo vinculada ó desenvolvemento da medicina de familia na Comunidade Autónoma Galega dende fai máis de 30 anos, ca súa creación no 1979, antes que a sociedade nacional semFYC.
- Agamfec é unha das 17 sociedades federadas que conforman a SemFYC, Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria.
- Na actualidade, ten **949 socios**.
- Dispón dunha revista propia: **Cadernos de atención primaria**, cunha distribución trimestral de 3500 exemplares, que se distribúe a todos os médicos e Institucións sanitarias públicas galegas, á semFYC e o resto das sociedades federadas.
- Dispón dunha páxina **web propia** www.agamfec.com renovada fai dous anos, con ampla información sobre a Medicina de Familia, publicacións, congresos, etc..
- Dispón de **24 Grupos de Traballo**, 10 dos cales son de creación recente nos dos últimos anos. Ademais, empezáronse a involucrar os médicos residentes na súa actividade e organización.
- Ten contratados os seus servizos de **Secretaría técnica** con Congrega S.L., sen dedicación exclusiva.
- As actividades de coñecemento e formación que se realizan de forma habitual son:
 - Xornadas de Medicina Familiar e Comunitaria.
 - Xornadas de Residentes Agamfec.
 - Xornadas de Outono da Agamfec.
 - Mesa Cardiovascular en Atención primaria, en colaboración con Semergen, Semg e o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
 - Promoción e Participación na "Semana sin fume".
 - Xornadas de Grupos de Traballo, celebrándose este ano a primeira edición.
 - Xornadas de Actualización en Medicina de Familia, en colaboración ca semFYC.
 - Múltiples cursos e obradoiros anuais polos grupos de traballo Agamfec.
- A nosa presenza na Universidade é escasa, contando na actualidade con 1 dos 3 profesores asociados acreditados na Facultade de Medicina.
- Actualmente hai un proxecto de Investigación coa firma Agamfec.
- Temos material propio Agamfec para os Grupos de Urgencias e Cirurxía Menor.
- Os Grupos de Traballo non aportan ningún ingreso económico na sociedade, tal como dispón a súa normativa de funcionamento, xa que facturan a súa actividade de maneira individualizada.
- Non hai un rexistro propio da actividade formativa e publicacións que realizan os Grupos de traballo.

- A **financiación** da asociación baséase en dous pilares básicos:
 - Cuotas dos socios, das cales aproximadamente 1/3 dos ingresos envíanse directamente á semFYC;
 - Ingresos durante as Xornadas/Congreso anual, que presentaron balances económicos positivos nas últimas edicións.
- Nos últimos anos estabilizouse unha aportación económica da Dirección Xeral de Saúde Pública por publicación na Revista Cadernos.
- Asimismo, conqúeriuse o patrocinio da páxina web a través de Laboratorios Almirall.
- A revista Cadernos dispón de espazos publicitarios, inestables na súa contratación.
- Non dispoñemos de sede social.

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

A Xunta Directiva da Agamfec é o órgano de goberno da Asociación. Goberna, xestiona, administra e representa os intereses da mesma en conformidade cas disposicións e directrices da Asamblea Xeral.

A Xunta Directiva da Agamfec renóvase cada tres anos, por votación democrática na Asamblea de socios.

A Xunta Directiva da Agamfec está composta por:

PRESIDENTE	Jaime González Rey
VICEPRESIDENTE	Gabriel Díaz Grávalos
VICEPRESIDENTE	Jesús Sueiro Justel
SECRETARIO	María Victoria Martín Miguel
TESORERO	Andrés Manuel Martín Miguel
VOGAL DE PRENSA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	Jesús Sueiro Justel
VOGAL DE DOCENCIA E FORMACIÓN	Fernando Souto Mata
VOGAL DE INVESTIGACIÓN	María Victoria Martín Miguel
VOGAL DE GRUPOS DE TRABALLO	Francisco Javier Maestro Saavedra
VOGAL DE MÉDICOS XÓVENES	Ángel Piñeiro López
VOGAIS DE RESIDENTES	Vanessa García-Ciudad Young Fátima Barcala Del Caño
VOGAL PAAPS E PACAP	Diego Terceiro López
VOGAL DE MEDICINA RURAL	Portal González Lorenzo
VOGAL WEB	Gerardo Palmeiro Fernández

GRUPOS DE TRABAJO

Os Grupos de Trabajo constitúen un dos principais activos da Agamfec.

Responden ás preocupacións de oferta-demanda e as necesidades científicas para tratar de satisfacer a profesionais, servizos de saúde e ós usuarios. Enriquecen o perfil profesional e potencian o desenvolvemento da sociedade científica, logrando un recoñecemento que lle permite ser considerados na planificación dos servizos de saúde e a súa utilización na búsqueda da satisfacción dos usuarios. Péchase o ciclo: "A sociedade científica responde á sociedade".

Na actualidade hai 24 Grupos de traballo activos, con 123 membros, e deses 14 membros son médicos residentes en formación MIR:

- Grupo de Abordaxe ó Tabaquismo;
- Grupo de Actividade Física e Saúde;
- Grupo de Alcoholismo;
- Grupo de Alimentación e Nutrición;
- Grupo de Atención á Muller;
- Grupo de Bioética;
- Grupo de Cirurxía Menor e vendaxes funcionais;
- Grupo de Coidados paliativos;
- Grupo de Comunicación e Saúde;
- Grupo de Dermatoloxía;
- Grupo de Diabete;
- Grupo de Dislipemias;
- Grupo da Dór;
- Grupo de Enfermidades Cardiovasculares;
- Grupo de Enfermidades Infecciosas;
- Grupo de Enfermidades Nefrourolóxicas;
- Grupo de Enfermidades Respiratorias;
- Grupo de Hipertensión Arterial;
- Grupo de Patoloxía Osteoarticular e Infiltracións;
- Grupo de Responsabilidade Profesional;
- Grupo de Saúde Mental;
- Grupo de Seguridade do paciente;
- Grupo de Urxencias;
- Grupo de Violencia de Xénero.

4. DIAGNÓSTICO DA SOCIEDADE

A. FORTALEZAS

DERIVADAS DA ASUNCIÓN DOS PRINCIPIOS DA MEDICINA DE FAMILIA E COMUNITARIA:

- Capacidade de organización e traballo en equipo.
- Gañas de realizar proxectos e aposta por proxectos interesantes.
- Visión global e integral do enfermo.
- Humanización da atención.
- Eficiencia na resolución de problemas.
- Calidade asistencial e polivalencia.
- Alto nivel de formación.
- Residentes.
- Prestigio docente.

DA PROPIA SOCIEDADE:

- Sociedade Científica con mais socios de Galicia con crecemento progresivo.
- Xunta directiva motivada con renovación xeracional e periódica nos órganos directivos.
- Xornadas anuais da sociedade.
- Colaboración con semFYC nas xornadas de actualización.
- Integración na Estructura Federal-semFYC.
- Imaxe entre o colectivo (nivel científico, independencia), co aval histórico da defensa da especialidade.
- Medios de difusión con potencial (revista Cadernos e páxina web).
- Secretaría técnica moi rodada.
- Solvencia económica.
- Asociación moi consolidada, seria, docente e con base científica.
- Grupos de traballo estables e con aval científico.

B. DEBILIDADES

POR DESMOTIVACIÓN:

- Inercia nas actividades (porque sempre se fixo así).
- Capacidade de "enganche" limitada, sobre todo entre os xóvenes.
- Costa traballo implicar os seus socios en tarefas de xestión interna da sociedade.
- Escaso liderado participativo en relación cos asociados e cos grupos de traballo.

ESTRUCTURAIS:

- Limitacións de tempo.
- Dificultades de Financiación.
- Escasa profesionalización e sin dedicación exclusiva na xestión da xunta directiva.
- Colectivo amplo con intereses distintos. Heteroxeneidade.
- Adaptación lenta ás demandas sociais e cambios xeracionais.
- Poca ou nula investigación.
- Falta de sede.

COMUNICACIONAIS:

- Capacidade de mobilización escasa.
- Poca publicitación e visibilidade da sociedade.
- Escasa difusión das fortalezas da MF e, en xeral, do que aporta de específico.
- Ausencia dun plan de comunicación integral de toda a organización.
- Pobre capacidade de influencia na administración sanitaria.
- Escasa colaboración con outras SSCC e outros colectivos de interés (asociacións, sindicatos).
- Falta de liderado na AP.
- Poco compromiso dos (e cos) socios.
- Falta de compromiso dos Grupos de traballo ca Sociedade.
- Falta de rexistro da actividade formativa e publicacións dos Grupos de Traballo.
- Pouca permeabilidade ás colaboracións ca industria, con dificultade de encontrar un equilibrio entre a ética e a operatividade.
- A maioría dos socios supoñen unha maioría silenciosa.
- Minorías moi belixerantes.
- Mala liña de comunicación entre a Xunta Directiva e os socios.
- Ofertas formativas e de Xestión do coñecemento pouco atractivas, sobre todo para os socios.

C. AMEAZAS

ECONÓMICAS:

- Financiación insuficiente do Primeiro nivel.
- Pouca inversión en investigación na Atención Primaria.
- A crise económica e a consecuente paralización do desenrolo da Atención Primaria.
- Pouca inversión do sector farmacéutico.
- Autofinanciación non “eterna”.
- Pouca flexibilidade ca industria por parte dalgúns sectores.

ACADÉMICO-ADMINISTRATIVAS E CORPORATIVAS:

- Escaso recoñecemento por parte das administracións sanitarias do modelo da atención primaria.
- Non existencia dun contido universitario con peso da Medicina de Familia;
- Poco coñecemento e consideración da especialidade por parte dos estudantes de medicina (prazas vacantes no MIR).
- Risco de fragmentación dos contidos da especialidade por parte de colectivos que aspiran a ocupar espazos do perfil profesional da MF: Urgencias, cuidados paliativos, Atención Domiciliaria.
- Sindicatos Médicos que defienden perfís profesionales distintos á especialidade.
- Competencia doutras sociedades científicas, que chegan a ter mais visibilidade con menos recursos humanos, e á hora de fidelizar ós residentes.
- Dependencia Secretaría Técnica (no senso de que teñen a loxística nas súas mans).
- Ninguneo da Administración, que repercute en menor visibilidade e menor atractivo.
- Heteroxeneidade.
- Dificultade para a comunicación.
- Perdida do interese e da definición de ser da AGAMFEC.
- A perda de interese dos licenciados na especialidade.
- A aparición de sociedades e subespecialidades dentro da Medicina de Familia. Sociedades de Urgencias, de Hipertensión, de Diabete...

D. OPORTUNIDADES


ASISTENCIAIS E FORMATIVAS:

- Constatación científica da necesidade de promoción da saúde.
- Aumento do número de pacientes crónicos e pluripatolóxicos con necesidade dunha abordaxe integral.
- Modelo asistencial que tende a ter cada vez mais en conta as necesidades da Comunidade.
- Modelo de asistencia tendente á MBE e á toma de decisións con base científica.
- Os participantes potenciais que poiden colabourar ca sociedade a nivel de socio, grupos de traballo,... son moito mais numerosos que noutras sociedades.
- Potencialidade da Agamfec para facer cousas concretas (deles) co noso nome (cursos, estudos, etc).
- Somos a especialidade con mais Residentes.
- Moito MF xoven/residente por captar (e non só como socio).
- Escola da Agamfec.
- Vinculación cun proxecto docente.
- A presenza na universidade.
- A capacidade formativa dos seus grupos de traballo.

COMO SOCIEDADE DE REFERENCIA:

- Sociedade de referencia de inicio para un médico de familia ou un residente de familia.
- A consideración por outras asociacións e a administración como interlocutores en temas científicos.
- Acceso ós medios de comunicación xerais mellorable e, polo tanto, posible.
- Intentar convertirmos en referentes da Administración en relación ca Atención Primaria.
- Se ben a crise en sí é unha ameaza, tamén pode converterse nunha oportunidade, pois podría dar lugar a colaboracións mais fluidas entre a semFYC e a AGAMFEC.
- Fusión ou acercamento das sociedades de Primaria.
- A capacidade de liderado e a boa imaxe dos seus socios mais activos.

5. LIÑAS DE ACCIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO



A. ESTRATEXIAS DE MELLORA NO ÁMBITO PROFESIONAL

- PROMOVER A ATENCIÓN PRIMARIA E A MEDICINA DE FAMILIA COMO NÚCLEO DO SISTEMA GALEGO DE SAÚDE E DO SISTEMA EDUCATIVO SANITARIO.
- POTENCIAR O DESENROLO DA ESPECIALIDADE.

B. ESTRATEXIAS DE MELLORA NA XERACIÓN E XESTIÓN DO COÑECEMENTO

- POTENCIAR A XERACIÓN DO COÑECEMENTO.
- FACILITAR A DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO.

C. ESTRATEXIAS PARA MELLORAR O FUNCIONAMIENTO DA ORGANIZACIÓN

- MELLORAR O FUNCIONAMIENTO DA XUNTA DIRECTIVA E PERMANENTE.
- MELLORAR A FINANCIACIÓN DA AGAMFEC.

D. ESTRATEXIAS DE MELLORA NO ÁMBITO DE ATENCIÓN E PARTICIPACIÓN DO SOCIO

- MELLORAR A ATENCIÓN Ó SOCIO.
- OFERTAR UNHA CARTEIRA DE SERVIZOS ACTUALIZADA DE FORMA PERIÓDICA EN FUNCIÓN DOS PERFÍS PROFESIONAIS.
- MELLORAR AS CANLES DE PARTICIPACIÓN E COMUNICACIÓN DOS SOCIOS.

E. ESTRATEXIAS DE MELLORA NO ÁMBITO SOCIAL E COMUNITARIO

- CONSOLIDAR A AGAMFEC COMO REFERENTE EN SAÚDE PARA A POBOACIÓN XERAL.
- APROVEITAR O INTERÉS CRECENTE DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN NOS TEMAS DE SAÚDE PARA CAPITALIZAR AS OPORTUNIDADES MEDIÁTICAS E MARCAR TENDENCIA INFORMATIVA.
- AFIANZAR Á AGAMFEC COMO REFERENTE INCUESTIONABLE EN ASUNTOS PROFESIONAIS E DE POLÍTICA SANITARIA.

A. ESTRATEXIAS DE MELLORA NO ÁMBITO PROFESIONAL

A.1. PROMOVER A ATENCIÓN PRIMARIA E A MEDICINA DE FAMILIA COMO NÚCLEO DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE E DO SISTEMA EDUCATIVO SANITARIO.

- *O obxectivo reside en promover que o Médico de Familia sexa líder da atención sanitaria e da formación en ciencias da saúde.*
 - Reivindicar o incremento de financiación centrada na atención primaria, para garantir o seu papel integrador do sistema sanitario.
 - ◆ Contacto grupos políticos.
 - ◆ Contacto con asociacións de usuarios.
 - ◆ Participación nos plans de atención integrales na atención ós crónicos.
 - ◆ Documento de sostenibilidade da semFYC.
 - ◆ Xerar e difundir evidencias do papel da atención primaria e do médico de familia sobre o nivel de saúde da poboación.
 - Reivindicar o incremento da porcentaxe de médicos de familia no sistema nacional de saúde, a optimización da actividade profesional, a capacidade de xestión do médico de familia e a súa capacidade de resolución para a mellora da efectividade, da continuidade asistencial, da participación e o desenrolo profesional así como da eficiencia, xestión e organización.
 - ◆ Redefinición Carteira de Servicos,
 - ◆ Documentos semFYC (IT, desburocratización, visados, receita electrónica, cargas e incentivos en AP, profesionalización dos directivos AP).
 - ◆ Reformular a carreira profesional.
 - ◆ A través de (invertindo en) documentos, reunións cos diferentes ámbitos políticos, prensa, alianza con outras sociedades científicas, con asociacións de pacientes e usuarios.
 - Xerar, recopilar e difundir información actualizada sobre a Atención Primaria e o Sistema Nacional de Saúde, dirixida ós profesionais, cidadáns, xestores e políticos.
 - ◆ Capacidade resolutiva dos MF.
 - ◆ Valoración da especialidade en contratacións, OPEs e traslados.
 - ◆ Grado de desburocratización da consulta do MF.
 - ◆ Porcentaxe do presuposto sanitario destinado a AP.
 - ◆ Grado de desenrolo da Estratexia AP XXI.
 - ◆ Presenza na Universidade.
 - ◆ Carrera profesional, retribucións, etc.
 - ◆ Implementación de Programas Comunitarios e de Promoción da Saúde. Práctica Clínica, Carteira de Servicos.

A.2. POTENCIAR O DESEÑO DA ESPECIALIDADE

- *O obxectivo consiste en facilitar a salvagarda do mapa competencial do Médico de Familia, así como o seu desenvolvemento.*
 - Desenvolvemento dos mapas de competencias de cada perfil profesional do Médico de Familia e a defensa dos ámbitos de traballo dos diferentes perfís: do Médico de Familia no Centro de Saúde, no Hospital, nos Pacs, nas MATEPSS, nas estruturas de xestión e noutros ámbitos de traballo.
 - ◆ Realizar accións formativas, investigadoras e docentes para cada ámbito de traballo a través dos Grupos de Traballo da Agamfec.
 - ◆ Formulación de Urgencias como un programa da Agamfec.
 - ◆ Potenciación de perfís específicos do MF a través dos GdT, con publicación de ferramentas prácticas e factibles para a consulta diaria: Atención á Muller, Atención Comunitaria, Atención á Familia, Coidados Paliativos, Atención ós Crónicos.
 - Consolidar (afianzar) a presenza do Médico de Familia como Formador esencial no pregrado.
 - ◆ Promover a difusión da MF entre as asociacións de estudantes.
 - ◆ Identificar ós médicos de Familia con capacidade e habilitación para docencia.
 - ◆ Facilitar mediante formación e difusión os requisitos da ANECA para a acreditación como profesor titular universitario.

B. ESTRATEXIAS DE MELLORA NA XERACIÓN E XESTIÓN DO COÑECEMENTO

B.1. POTENCIAR A XERACIÓN DO COÑECEMENTO.

- *O obxectivo reside en promover a xeración do coñecemento como ún dos eixos básicos da actividade da nosa organización.*
 - Potenciar a investigación como parte esencial da Medicina de Familia e Comunitaria.
 - ◆ Facilitar e incentivar o desenvolvemento de Proxectos de Investigación por parte dos Grupos de traballo da Agamfec.
 - ◆ Seguir potenciando as becas de Investigación da Agamfec de maneira anual.
 - ◆ Difundir as fontes de financiación para a investigación en Atención Primaria.
 - ◆ Potenciar a revista Cadernos e a súa indexación. Aumentar o factor de impacto da revista Cadernos.
 - Garantizar e difundir a calidade metodolóxica da investigación.
 - ◆ Potenciar a vocalía de Investigación.
 - ◆ Crear a figura de responsable de Investigador de área, para coordinar proxectos e incentivar a investigación.
 - Promover o recoñecemento da Atención Primaria como ámbito esencial de investigación en saúde.
 - ◆ Impulsar iniciativas coa Administración Pública y a iniciativa privada para aumentar as inversións en investigación en Atención Primaria.
 - ◆ Creación de Institucións para o fomento da Investigación en AP.
 - ◆ Potenciar os programas de doctorado en Medicina de Familia.
 - Xerar e xestionar recursos para facilitar a investigación dende a Agamfec.
 - ◆ Xerar alianzas coa Industria Farmacéutica.
 - ◆ Xerar alianzas con outros provedores.

B.2. FACILITAR A DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO

- *O obxectivo reside en ser referentes para a Medicina de Familia e promover esta referencia para outros profesionais sanitarios.*
 - Promover accións de difusión e formativas da Medicina de Familia na Universidade.
 - Identificar necesidades formativas dos profesionais.
 - ◆ Definir unha carteira de Servizos dirixida ó Médico de Familia.
 - ◆ Definir a carteira de servizos de Formación, tendo en conta a detección de necesidades.
 - ◆ Manter actualizada a Carteira de Servizos de Grupos. Actualizar periódicamente o Dossier de Grupos e potencialo.
 - ◆ Realizar cursos acreditados, tanto online, vía revista Cadernos ou presenciales.
 - ◆ Innovación e creación de novos produtos.
 - Promover accións de difusión e formativas da Medicina de Familia entre os Residentes, os Xóvenes Médicos de Familia e as Unidades Docentes.
 - ◆ Apoiar as xornadas de residentes como ún dos elementos primordiais.
 - ◆ Seguir coa incorporación de Médicos Xóvenes e médicos residentes nos grupos de traballo, intentando chegar o 25% dos membros dos grupos de traballo.
 - ◆ Ofrecer un Pack de servizos ás Unidades Docentes.
 - ◆ Celebrar as Xornadas de Titores do Rural de maneira anual.
 - ◆ Celebrar as Xornadas de Docencia e Formación de maneira periódica: bianual, donde estén residentes, Jóvenes Médicos de Familia, titores de MF, técnicos de Saúde e coordinadores de Unidades Docentes.
 - Carteira de servizos dirixida a outros profesionais e institucións sanitarias.
 - ◆ Crear unha carteira de servizos de Formación Continuada para presentar ós Servizos Públicos.
 - ◆ Ofrecer formación a outros colectivos do sistema sanitario como Sindicatos, enfermería, fisioterapeutas etc., chegando a acordos de colaboración con institucións autonómicas.
 - ◆ Ofrecer servizos a empresas doutros sectores en temas de Saúde.
 - ◆ Potenciar e dar maior difusión ó dossier dos Grupos de Traballo.

- Potenciación do Congreso y do resto de Actividades científicas (Actualizar o modelo de oferta formativa).
 - ◆ Establecer un modelo de colaboración coa semFYC.
 - ◆ Promover a realización de Xornadas monográficas sobre temas específicos: Urgencias, Cardioloxía, Alcoholismo, Coidados Paliativos, Atención á Muller, Saúde Laboral etc.
 - ◆ Evaluación e revisión permanente do Modelo de Congresos mediante información técnica, estudando as expectativas dos socios e as posibilidades de acceso e a participación de Xóvenes Médicos e Residentes.

- Desenrolo dunha liña editorial e difusión da produción científica.
 - ◆ Potenciar a difusión dos traballos de investigación da Medicina de Familia galega a través de las Revistas Cadernos e Atención Primaria.
 - ◆ Potenciar e desenrolar unha liña editorial, ben sexa coa financiación e patrocinios propios ou de axentes externos.

C. ESTRATEXIAS PARA MELLORAR O FUNCIONAMENTO DA ORGANIZACIÓN

C.1. Mellorar o funcionamento da Xunta directiva e permanente.

- *O obxectivo reside en mellorar e facilitar o funcionamento da Xunta directiva e permanente da Agamfec.*
 - Reglamentar a toma de decisións en cuestións clave e ter estipulados uns mecanismos para situacións de urxencia.
 - Actualizar os Estatutos da Sociedade á realidade actual.
 - Crear un documento no que se establezcan uns requisitos mínimos de pertencencia á Xunta directiva.
 - Crear un correo seguro da Xunta directiva, con acceso ós documentos, actas, etc...

C.2. Mellorar a Financiación da Agamfec

- *O obxectivo reside en aumentar a capacidade económica co fin de poder realizar as actividades Agamfec.*
 - Formalizar convenios asociados a cuantías económicas para difundir os nosos produtos e dar servizo os nosos clientes.
 - ◆ Impulsar acordos de colaboración cos Colexios médicos e as súas Fundacións.
 - ◆ Impulsar acordos de colaboración con outras sociedades científicas. Buscar sinerxias.
 - ◆ Impulsar acordos de colaboración co Sergas e outras administracións.
 - ◆ Impulsar acordos de colaboración coa Universidade.
 - ◆ Impulsar acordos de colaboración coa Industria Farmacéutica.
 - ◆ Impulsar acordos de colaboración con outros provedores que poidan estar interesados no noso produto.
 - Aumentar o número de socios.
 - ◆ Fidelizar ós socios existentes.
 - ◆ Atrair ós médicos residentes.
 - ◆ Atrair ós non socios.
 - ◆ Abrir a sociedade a outros colectivos de profesionais da saúde.

D. ESTRATEXIAS DE MELLORA NO ÁMBITO DE ATENCIÓN E PARTICIPACIÓN DO SOCIO.

D.1. MELLORAR A ATENCIÓN Ó SOCIO

- *O obxectivo reside en coñecer e actualizar as necesidades e expectativas dos nosos socios para planificar servizos adecuados.*
 - Identificar de forma periódica as necesidades e preferencias dos socios da Agamfec.
 - ◆ Desenrolar enquisas periódicas vía Internet para identificar i estratificar perfís de socios (clínicos, investigadores, docentes, residentes...).
 - ◆ Recopilar, analizar e sintetizar os resultados das diferentes enquisas realizadas en encontros presenciais.
 - Identificar necesidades específicas do colectivo de residentes/xóvenes médicos/médicos de urxencias.

D.2. OFERTAR UNHA CARTEIRA DE SERVIZOS ACTUALIZADA DE FORMA PERIÓDICA EN FUNCIÓN DOS PERFÍS PROFESIONAIS.

- *O obxectivo reside en ofrecer servizos adecuados ás necesidades do socio, que otorguen un valor añadido á pertenza a esta sociedade científica.*
 - Redefinir a Carteira de Servizos e adecuarla a todas as saídas profesionais dos médicos de familia: centros de saúde, Pacs, Urxencias Hospitalarias, Mutuas, administración, etc...
 - Recordar a colectivos mais "desfavorecidos" por estar mai lonxanos das fontes habituais de financiación: emerxencias médicas, residentes, xóvenes médicos, estruturas de xestión...
 - Ofrecer información sobre saídas profesionais, oposición, OPEs e Tralados.

D.3. MELLORAR AS CANLES DE PARTICIPACIÓN E COMUNICACIÓN DOS SOCIOS.

- *O obxectivo reside en dar a coñecer a actividade xerada en semFYC e as súas SSFF e o atractivo de pertencer a elas, incrementando o sentimento de pertenza á organización de todas as federadas, creando unha verdadeira "cultura corporativa".*
 - Optimizar a utilización das ferramentas de comunicación interna na difusión de información e actividades da Agamfec e semFYC.
 - ◆ Crear un Plan de Comunicación Interna que potencie: sinais de identidade, defensa do sistema público e que xenere acercamento ó socio.
 - ◆ Completar a base de datos dos correos electrónicos.
 - ◆ Divulgar a produción dos grupos entre os socios.

- ◆ Facilitar información permanente de cómo participar nos grupos de traballo.
- ◆ Avanzar na identificación dos membros reais activos dos GdT para asegurar o recambio dos membros inactivos.

- Crear foros de participación cos socios.
 - ◆ Potenciar as Xornadas de Outono.
 - ◆ Mellorar e xeneralizar o uso do correo electrónico e enquisas.
 - ◆ Rediseñar a assemblea de socios ou fixar un espazo alternativo do congreso anual para fomentar a participación dos socios e a súa interacción coas estruturas directivas.
 - ◆ Establecer foros de participación de informadores clave: coordinadores de formación e coordinadores dos Centros de Saúde, Unidades Docentes, Comisións Docencia Hospitalaria, Servizos de Urgencia Hospitalarios i Extrahospitalarios, Colexios de Médicos, outros asesores externos...

- Sistematizar un circuito de queixas e suxerencias.
 - ◆ Dinamizar o buzón de suxerencias da páxina web.
 - ◆ Crear enquisas específicas de satisfacción.

- Establecer un Plan de acollida ó novo socio.

- Utilizar algúns recursos que apoiem e fagan visible a pertenza á Agamfec.
 - ◆ Servizos personais (carnet de socio, mail corporativo,..), necesidades profesionais (seguros, instrumental), acordos varios preferentes para socios.

E. ESTRATEXIAS DE MELLORA NO ÁMBITO SOCIAL E COMUNITARIO

E.1. CONSOLIDAR A AGAMFEC COMO REFERENTE EN SAÚDE PARA A POBOACIÓN XERAL

- *O obxectivo reside en situar á Agamfec como líder informativo en saúde, veraz e riguroso, que responda a las inquedanzas, necesidades e perfíss de búsqueda habituais de información sanitaria por parte da poboación xeral.*
 - Liderar a implantación da saúde comunitaria.
 - ◆ Potenciar e promover acordos de colaboración permanentes con asociacións de pacientes e organizacións de cidadáns.
 - ◆ Xerar un mapa de asociacións de pacientes e organizacións de cidadáns e manterlo actualizado.
 - ◆ Orientarnos tamén ós xóvenes (Asociacións de veciños, de estudantes...).
 - ◆ Participar conxuntamente en campañas de educación para a Saúde e contribuir á súa difusión.
 - Achegar a imaxe do médico de familia ó cidadán.
 - ◆ Rentabilizar todos os eventos científicos da Agamfec xeradores de información relevante.
 - ◆ Implicar de forma activa ós Grupos de Traballo.
 - ◆ Impulsar e actualizar a información de calidade do área destinada o cidadán da páxina web.
 - Facilitar a interacción cos cidadáns nas actividades presenciais da Agamfec.
 - ◆ Realizar actividades para os pacientes no noso Congreso Anual, elaborar un Pre Congreso dirixido ós Pacientes.

E.2. APROVEITAR O INTERÉS CRECENTE DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN NOS TEMAS DE SAÚDE PARA CAPITALIZAR AS OPORTUNIDADES MEDIÁTICAS E MARCAR TENDENCIA INFORMATIVA.

- *O obxectivo reside en situar á Agamfec como líder de opinión sanitario na Medicina de Familia e na Atención Primaria en Galicia.*
 - Defensa da Atención Primaria y da Medicina de Familia como xestora de casos no SNS.
 - Responder de forma constante e con inmediatez ós medios de comunicación.
 - ◆ Formación e identificación de portavoces expertos por temáticas, a ser posible, dentro dos grupos de traballo.
 - ◆ Establecer un programa e calendario conxunto de tribunas de opinión en medios xerais i especializados.
 - Promover a visibilidade dos valores da Atención Primaria de Saúde e dos médicos de familia como garantes da saúde dos cidadáns.
 - ◆ Reiterar de forma periódica nos medios de comunicación a relevancia de cualidades intrínsecas á MF: proximidade, continuidade, lonxitudinalidade, atención integral, entorno comunitario, humanización da práctica clínica nun tempo de continuo avance tecnolóxico e papel xestor de recursos.

E.3. AFIANZAR Á AGAMFEC COMO REFERENTE EN ASUNTOS PROFESIONAIS E DE POLÍTICA SANITARIA GALEGOS.

- *O obxectivo reside en situar á Agamfec como líder de opinión en Medicina de Familia e da Atención Primaria en Galicia con capacidade de influencia nas decisións sobre política sanitaria.*
 - Elaborar documentos técnicos ou de opinión ou promover foros de participación que permitan o desenrolo da AP e a MF constituíndonos como referentes para o sistema sanitario gallego.
 - Seguir participando activamente nos Comités de Expertos e Técnicos na administración.
 - Consolidar acordos de colaboración con outras sociedades científicas.
 - Avanzar na unificación das sociedades de Atención Primaria.
 - Desenrolar unha liña como proveedora de produtos de formación á Servizos de Saúde ou empresas privadas. Potenciar os Grupos de traballo e o dossier de Grupos e darlle difusión.
 - Fomentar a presenza e representatividade da MF na OMC e sindicatos.
 - Establecer contactos habituais cos grupos políticos. Presentación de propostas da Agamfec antes de cada campaña electoral.
 - Realizar decálogo político utilizable nas eleccións xerais e autonómicas.

6. PLAN OPERATIVO.SEGUIENTO

Tras a presentación do presente Plan Estratéxico á Xunta directiva e a súa aprobación, propondránse os Indicadores de Resultados, nombraránse os responsables de cada Proceso Estratéxico e/ou Proceso Operativo, no seu caso, e estableceráse un cronograma de actuación en función das prioridades detectadas.

Unha vez aprobado pola Xunta directiva, presentaráse o Plan Estratéxico en Asamblea ordinaria de socios para a súa aprobación, previa difusión vía web y mailing a todos os socios, para o seu coñecemento.

A Xunta directiva da Agamfec será a estrutura responsable para o seguimento do Plan Estratéxico.

Os responsables de cada proceso Estratéxico e/ou Proceso operativo deberán cumprimentar os Indicadores de Resultados e presentalos na Xunta directiva para o seu seguimento.

Os participantes nas Xornadas de Outono da Agamfec, formarán o Grupo de Expertos que, de xeito anual, reevaluará o Plan Estratéxico e a súa viabilidade, así como a modificación de prioridades, tras oír á Xunta directiva da Agamfec.

Si fose necesario redefinir algún ítem ou indicador do plan, comenزارáse redefinindo os Obxectivos Operativos e, se fose preciso, os Obxectivos Estratéxicos.

A comenzos do ano 2014, a Xunta Directiva será a encargada de reiniciar iste proceso, actualizando e adaptando as necesidades á situación dese momento, debendo propoñer un novo Plan Estratéxico, no que se deberían incluír os Obxectivos Operativos non cumpridos pero que están en vixencia, e os novos Obxectivos Estratéxicos e Operativos resultantes da evolución da Asociación e sociedade, en xeral.



www.agamfec.com

Secretaría Agamfec

Rosalía de Castro 13 1º Izq

15004 – A Coruña

Tel: 981216416 – Fax: 981217542

E-mail: agamfec@congrega.es